

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e dous minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 24 de setembro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202009241802000000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Proposta de festivos locais para o ano 2021

Acceso á videoacta – 00:00:32 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14 de setembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada polo órgano competente da Xunta de Galicia. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*.

Así pois, co fin de remitir ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña a proposta deste concello na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no Concello de Cambre para o vindeiro ano 2021, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Establecer como festivos locais para o ano 2021 o día 16 de febreiro, martes de Entroido, e o día 16 de agosto.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 17 de setembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Autorización da compatibilidade para o exercicio das funcións de persoal eventual que ocupará o posto de asesor de Patrimonio

Acceso á videoacta – 00:01:39 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que o posto de Asesor/a de Patrimonio atópase vacante e que a quen se propón para a súa ocupación, don José Antonio Riveiro Rodríguez, atópase exercendo actividade privada retribuída.

Visto o escrito de don José Antonio Riveiro Rodríguez con rexistro de entrada número 20200000003254 do pasado 08 de setembro polo que solicita a compatibilidade para seguir exercendo a súa actividade privada renunciando ao cobro do complemento específico que lle corresponde a dito posto.

Visto o informe emitido sobre a particular polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 11 de setembro de 2020, formulo ao Pleno da Corporación como órgano competente para elo, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Recoñecer a don José Antonio Riveiro Rodríguez a compatibilidade para o exercicio da actividade privada profesional de condutor-oficial 1º na empresa “Ute Grúa Coruña” no desempeño do posto de persoal eventual deste Concello de Asesor de Patrimonio sen a percepción de complemento específico, de conformidade co artigo 14 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 17 de setembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os

dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Ratificación da aprobación do proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre

Acceso á videoacta – 00:27:15 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Con data 7 de setembro de 2020, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 1275, que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver a Circular da Excm. Deputación Provincial da Coruña recibida o día 2 de maio de 2019, para a elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2019 ADICIONAL 1/2019 por maior achega desa Deputación, mediante a que comunican que coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2019, no EMC 1/2019 aprobado polo Pleno da Deputación o 1 de marzo de 2019 consignouse a cantidade de 30.000.000,00 €, distribuíndose a dita cantidade entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+, de forma que do importe total, correspóndelle ao Concello de Cambre, unha achega total de 654.553,64 €.

Coa data do 19 de setembro de 2019 o Concello de Cambre presentou na plataforma SUBTEL da Deputación da Coruña a documentación do “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira,14.Cambre” para participar no (POS+AD2-OBASSUM) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2). Anualidade 2019.”

Unha vez revisada a documentación por parte da Deputación da Coruña, coa data do 10 de outubro de 2019 foi recibido un requirimento de documentación para subsanar o proxecto presentado.

Conforme ao indicado no requirimento, como se trata dunha corrección técnica que non afecta á natureza e finalidade do investimento a realizar nin á súa valoración económica, o proxecto supervisado e corrixido debe aprobarse por decreto da Alcaldía e posteriormente ser elevado ao pleno, non sendo necesario subir á SUBTEL esta ratificación plenaria

O proxecto foi supervisado e corrixido polo técnico municipal que o asina, polo que, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”, asinado con data 3 de setembro de 2020 polo arquitecto municipal, José Ramón Díaz Barbeito

Segundo: Dar conta ao Pleno Municipal na seguinte sesión que se celebre aos efectos da súa ratificación.”

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1275/2020, do 7 de setembro, de aprobación do proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira, 14, Cambre. Agosto 2020”, asinado con data 3 de setembro de 2020 polo arquitecto municipal, José Ramón Díaz Barbeito.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 17 de setembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:36:56 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:37:00 horas

Faise constar que, aínda que neste momento non se tratou ningunha proposta dentro deste punto da orde do día, chegado o momento de tratar a moción presentada polo grupo municipal do BNG en apoio á agrupación de marisqueo a pé da Confraría de pescadores da Coruña e en demanda do comezo do dragado da ría do Burgo, todos os concelleiros e concelleiras integrantes da Corporación municipal amosaron a súa conformidade con que a dita moción adoptase a forma de declaración institucional.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:37:02 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) sobre o trazado da Vía Ártabra ao seu paso por Cambre. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) sobre o trazado da Vía Ártabra ao seu paso por Cambre e especialmente sobre o tramo Espírito Santo-AP9

O Goberno de Cambre, a petición da Asociación de veciños afectados por infraestruturas no municipio de Cambre, formulada mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/3360, o día 16 de setembro de 2020, propón ao Pleno municipal a aprobación da moción que consta do seguinte teor literal:

«É incuestionable e altamente coñecida a oposición que a Asociación de veciños afectados polas infraestruturas de Cambre e o Concello de Cambre manteñen sobre o proxecto de trazado da Vía Ártabra aprobado no ano 2009, especialmente no brazo polígono Espírito Santo – AP9.

Esta oposición foi manifestada en infinidade de escritos recursos de reposición e, nestes momentos, nun recurso contencioso-administrativo.

Tal oposición céntrase en:

1. Que o trazado proposto non se axusta ás determinacións do Plan sectorial

Dado que a proposta aprobada perde a súa condición de elemento de cohesión social e equilibrio territorial. A proposta de trazado prima e favorece, sen dúbida, e así o expón o xefe de planificación da AXI, as condicións de mobilidade entre a área territorial Sada-Oleiros, N-VI con Coruña, sen prexuízo do Concello de Cambre na súa relación coa cidade e o resto da área metropolitana, promovendo unha distinción entre concellos de primeira e de segunda.

2. Que a proposta aprobada afecta, directamente, a un ámbito de valor ambiental como é o corredor biolóxico da Gándara

A xustificación destas teses desenvólvese fundamentalmente no informe do biólogo Miguel Díaz Varela, os informes técnicos municipais e as alegacións desta asociación.

A favor destas teses levántanse voces de diversos colectivos ecoloxistas e naturalistas (ADEGA, Hábitat, SGNH, Verde Gaia) así como todos os grupos parlamentarios na oposición (BNG, PSOE e Marea).

Ante este clamor por buscar a mellor das alternativas que faga compatible a realización dunha necesaria “infraestrutura viaria” cunha “infraestrutura verde” na que os cursos fluviais son un dos seus emblemas.

Contra esta razoable solicitude a Consellería de Infraestruturas sempre mantivo como consigna **“non hai outra solución para o trazado. A declaración de impacto ambiental aprobada no ano 2007 constitúe aval suficiente para os elementos a conservar”**.

Sorprendentemente, de forma inesperada, o día 28 de xaneiro do 2020 recíbese no Concello de Cambre unha notificación de Consellería de Infraestruturas, Dirección Xeral da Axencia de Infraestruturas, onde modifica a súa posición ao admitir, fóra de todo procedemento, un escrito presentado en defensa da contorna fluvial do río Gándara e especialmente da súa área húmida.

A Consellería acepta, agora, o que negara durante 19 anos, que o río Gándara constitúe un corredor biolóxico imprescindible e supón unha peza fundamental na estrutura ambiental da área Metropolitana.

ANÁLISE DO ESCRITO RECIBIDO:

1.- SOBRE A MODIFICACIÓN DE CRITERIO.

Comeza acentuando a existencia de contrato de adxudicación da obra. Puntualización que só se pode entender desde a intención de xustificar a data de inicio das obras, co obxecto de que non se lle declare a perda de vixencia da DIA. Esta cuestión abordarémola mais adiante.

Continua manifestando que o trazado “beneficia de modo significativo aos veciños de Cambre”. Este “banal” comentario queda contestado co feito innegable de que esta asociación expresa nitidamente a súa oposición desde o ano 2001.

Dezanove anos de oposición ao trazado deberían ser suficientes para recoñecer, polo menos, o desacordo. En fin, que o comentario, do Director da AXI, adquire, neste caso, a condición de "frivolidade".

A continuación relátanos, con toda a solemnidade, que unha vez prodúcese a roza de maleza atópanse, ...OH, GRAN SORPRESA!!!. ..., cunha área húmida e que esta se pode asolagar de forma intermitente. Só lembrarlle que esta zona húmida esta aí desde tempos inmemoriais e non é que poida asolagarse senón que debe asolagarse. Esta é precisamente a súa misión. Moderar a velocidade do caudal o que evita arrastres de terras, contaminación das augas e con iso un río e unha ría saneada e produtiva. En definitiva fai de filtro e evita afeccións non desexadas, como ocorre, por exemplo, cada certo tempo por arrastres procedentes da urbanización de Xaz, contaminando de lados o porto de Sta. Cruz. Ou sucedeu coa presa provisional en Leiras, Cambre, na execución da Vía Ártabra, sen que se tomasen as medidas necesarias.

Foi necesario para que emendasen o seu erro que apareza un escrito, fóra de todo procedemento, de data 25 de Setembro de 2019 de dona Isabel Aguirre, directora da Escola Galega da Paisaxe, arquitecta, paisaxista e membro científico da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas, no que se solicita: "considérense novas medidas para mellorar a integración ambiental do leito do río Gándara".

Ao aceptar a reclamación a propia administración actuante recoñece o risco que todos denunciáramos a través dos informes periciais presentados. Isto é, que o proxecto de trazado (tamén o de construción da infraestrutura) comprometen a conectividade ecolóxica dos ecosistemas existentes nas proximidades, ao impedir desenvolver a ese humidal a súa función esencial de corredor biolóxico que permita superar a fragmentación dos espazos naturais que leva consigo a infraestrutura.

A importancia do río Gándara, non só a evidencia o biólogo don Miguel Díaz Varela, a directora da Escola Galega da Paisaxe, senón que así mesmo faino a Dirección de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente no informe ambiental ao Plan Xeral de Cambre. O que pon en evidencia, unha vez mais, o distinto criterio entre distintas consellerías dunha mesma institución, a Xunta de Galicia.

O que non aclara o escrito do 18 de xaneiro é porque rexeitaron, sen miramentos as reclamacións desta asociación, concello, grupos ecoloxistas e grupos parlamentarios da oposición e atenden as de dona Isabel Aguirre, cando manifestan o mesmo. Parece que as solicitudes se atenderon máis en virtude de quen a presentaba que con base no que se solicitaba.

Esta cuestión, sen dúbida, require dunha explicación clara e concisa.

Antes de continuar, cos comentarios ao escrito, non queremos perder a ocasión de valorar de forma altamente positiva que o mundo do coñecemento aposte por intervir nos problemas derivados da vida en sociedade. Neste caso concreto a decidida toma de posición de dona Isabel Aguirre, que ademais do anunciado sobre o seu currículo é membro do equipo de redacción da Infraestrutura Verde na área da Coruña, contratada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Por tanto con coñecemento de causa mais que suficiente para valorar as repercusións da obra sobre o humidal da Gándara e o valor deste desde o punto de vista ambiental.

2.- AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS AFECTAN AO PROXECTO DE TRAZADO E AO CONSTRUTIVO.

Recoñecido pola administración actuante o valor ambiental da área húmida e que a DIA, o proxecto de trazado e proxecto construtivo non se realizaron co rigor requirido. Corresponde analizar as propostas, presentadas pola Axencia de Infraestruturas, para liquidar o problema.

Di o director da Axencia de Infraestruturas que por parte do equipo de dirección das obras fórmulanse as seguintes propostas:

"Axustar o trazado en alzado de modo que se poida reducir o movemento de terras e a altura dos noiros, o cal é especialmente relevante no treito entre a AC-221 e a AP-9. Con este axuste evitaríase completamente a afección a zona asolagable, de maior valor"

"Modificar a forma de conexión da AC-221, de modo que na proposta se conduce cara á intersección co polígono do Espírito Santo e apóiase nunha glorieta na que conectará ademais a prolongación da Vía Ártabra cara á A-6. Actuarase de xeito que o río Gándara conserve a súa configuración natural".

A AXI pretende realizar estas modificacións dentro do proceso de execución, cunha simple modificación da DIA e amparándose na lei de contratos, sen exposición pública e nin sequera dar audiencia ás partes interesadas no proceso, que como vimos son unhas cantas: Asociación de infraestruturas, Concello de Cambre, agrupacións ecoloxistas e grupos parlamentarios na oposición (BNG, PSOE, EN MAREA).

Por iso é obrigado lembrar, á AXI, que a proposta presentada non é unha simple modificación non substancial da DIA, como trata de facermos crer. As modificacións expostas defínense dentro do ámbito do proxecto de trazado, artigo 15 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, que define como:

“Proxecto de trazado, que consiste na determinación dos principais aspectos xeométricos da actuación e na definición concreta dos bens e dereitos afectados.

Proxecto construtivo, que consiste no desenvolvemento completo da solución óptima, co detalle suficiente para facer factible a súa construción e posterior explotación.”

Neste senso as propostas presentadas atenden a modificacións propias do proxecto de trazado e por suposto ao contido do proxecto construtivo. Polo que son unha modificación deles, que ademais poden afectar, segundo o seu alcance, a bens e dereitos non afectados con anterioridade.

Toda modificación dos proxectos de trazado e construtivo deben pasar pola mesma tramitación de procedemento que o usado para a súa aprobación, por tanto exposición pública.

Pretende a AXI, coa súa proposta, encubrir a transcendencia das actuacións que presenta. Pretende a modificación dun proxecto de trazado e construtivo, sen pasar polo procedemento obrigado.

En definitiva eludir o alcance, das consecuencias, do recoñecemento.

Polo que é obvio que clama a necesidade de aclarar e xustificar o procedemento proposto e as súas consecuencias.

3.- A DIA APROBADA PERDEU A SÚA VIXENCIA NA FASE 2 DO PROXECTO CONSTRUTIVO.

Corresponde a este apartado expor se a DIA aprobada segue tendo vigor. Para iso acudimos a quen o determina, transitoria primeira, apartado 3, da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

A mencionada transitoria di:

“As declaracións de impacto ambiental publicadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei perderán a súa vixencia e cesarán na produción dos efectos que lle son propios se non se comezou a execución dos proxectos ou actividades no prazo máximo de seis anos desde a entrada en vigor desta lei. En tales casos, o promotor deberá iniciar novamente o tramite de avaliación de impacto ambiental do proxecto conforme ao establecido nesta lei”.

Por outra banda, o artigo 43 da Lei 21/2013 especifica o que debe entenderse por execución:

“unha vez obtidas todas as autorizacións que sexan esixibles, comezasen materialmente as obras ou a montaxe das instalacións necesarias para a execución do proxecto ou actividade e así conste á administración”.

Polo que corresponde analizar en que punto se atopa a Declaración de Impacto Ambiental do proxecto de trazado da Vía Ártabra entre a N-VI e a AP-9, nestes momentos.

A data de fin de prazo: Computa desde a entrada en vigor da Lei o 13 de decembro do 2013. Por tanto data límite é o 13 de decembro do 2019. Estado das obras: A AXI aproba, nun primeiro momento, un único proxecto construtivo entre a NV-I e a AP-9. Tras o informe de Fomento que autoriza o tramo NVI-AC221, pero denega o tramo AC221-AP9, toma a decisión, na aprobación provisional e sen dereito a alegacións, de aprobar dúas fases de execución. Tal decisión realízase coa intención de poder avanzar na súa execución, a Fase 1, de non realizar esta operación a falta de informe de Fomento impediría o comezo das obras en todo o ámbito do proxecto (FASE 1; FASE 2).

É a propia AXI quen decide a execución en dúas fases.

FASE 1: aquel ámbito de proxecto sobre o que se pode empezar as obras, por ter todos os informes positivos, a efectiva ocupación dos terreos, estudo de seguridade e saúde e apertura de lugar de traballo.

FASE 2: Aquel ámbito onde o inicio queda pendente de obter a autorización da administración competente, Fomento, neste caso. Sen esta autorización as obras non se poden iniciar, nin se pode aprobar o estudo de seguridade e saúde nin abrir o lugar de traballo.

Por tanto, transcorrido con fartura o prazo de seis anos establecido na citada disposición (13 de decembro de 2019) sen que se iniciara a execución da fase 2 (cuxa indeterminación é absoluta, facéndose necesario non só un novo proxecto de execución, senón tamén un novo proxecto de trazado} a declaración de impacto ambiental perdeu a súa vixencia, polo menos polo que respecta á denominada segunda fase, debendo o promotor -a administración autonómica- iniciar novamente o trámite de impacto ambiental do proxecto de conformidade co establecido na Lei 21/2013.

A pretensión da AXI de computar o inicio das obras situándoo na data de inicio da fase 1, sería, ao noso entender, unha fraude de lei debido a que a administración era consciente desta circunstancia, que non tiña as autorizacións necesarias e con todo continuou co proceso expondo as dúas fases.

Esta cuestión debe ser aclarada debido a que resulta vital para a validez ou non da DIA. E como consecuencia das actuacións para levar a cabo neste procedemento.

ANTE O EXPOSTO FAISE A SEGUINTE PROPOSTA:

Declarar o percorrido fluvial do río Gándara, e a súa contorna, como espazo de interese paisaxístico a recuperar, que á súa vez constitúe un corredor biolóxico imprescindible e supón unha peza fundamental na estrutura medioambiental do Concello de Cambre, o espazo da reserva da biosfera e, en definitiva, da infraestrutura verde da área metropolitana da Coruña, como brazo da ría do Burgo.

E SOLICITAR:

1.-Do presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo, que se poña á fronte deste asunto, poña criterio entre as súas consellerías, aposte polo equilibrio entre o medio ambiente e as necesarias infraestruturas e retome o espírito do ano 2004 que el mesmo presidía sendo conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda. Espírito que se centraba na colaboración administrativa e o acordo. No caso concreto da Vía Ártabra o de aceptar o trazado proposto polos concellos, a condición de que a proposta estivese de acordo co Plan sectorial viario. Nestas condicións redactouse e aprobou o tramo do concello limítrofe e por tanto solicitamos o mesmo trato.

É necesario lembrarlle que Cambre achegou a súa solución, no ano 2006, cumprindo así o mandato da resolución de aprobación do Plan sectorial viario e por tanto resulta difícil entender o porque do castigo sobre o noso territorio, excepto a única e exclusiva de crear unha área de peaxe para beneficio da empresa concesionaria.

2.-Que se aclare baixo que criterios non se atenderon as reclamacións desta Asociación e do Concello de Cambre, apoiadas no informe do biólogo don Miguel Díaz Varela, e se atendese a solicitude de dona Isabel Aguirre, sendo que solicitan o mesmo: "O respecto ao corredor biolóxico do río Gándara e á súa zona húmida".

3.-Que as modificacións expostas no escrito remitido ao concello déanse a coñecer e se tramiten de acordo coas súas características mediante a modificación do proxecto de trazado e construtivo.

4.- Que por parte da AXI se aclare, sen máis demora, se considera iniciados os traballos da Fase 2 do proxecto construtivo a pesar de non ter a autorización de Fomento.

5.- Que por parte da Consellería de Medio Ambiente, Dirección xeral de Calidade Ambiental, se declara a perda de vixencia da DIA, aprobada co proxecto de trazado no ano 2009, na Fase 2 do proxecto construtivo, por non iniciarse as obras no prazo previsto, de acordo coa transitoria primeira e artigo 43 da Lei 21/2013.»

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). E abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:22:28 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo PP solicitando a licitación das obras de dragado da ría do Burgo. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PP solicitando a licitación das obras de dragado da ría do Burgo

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/3062, o día 24 de setembro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

“O Goberno galego, dentro da liña de actuación que está desenvolvendo encamiñada a limpar as rías galegas, investiu 100 millóns de euros no saneamento da ría do Burgo. Este investimento utilizouse concretamente en actuacións de apoio aos concellos da ría para as súas competencias de saneamento e depuración das augas residuais, fundamentalmente en beneficio dos municipios da Coruña, Oleiros, Culleredo e Cambre.

Unha vez finalizadas estas obras de saneamento e para completar a mellora da calidade ambiental do contorno, o Goberno de España, competente na rexeneración do litoral, impulsou o proxecto do dragado da ría do Burgo e conseguiu unha partida de 24 millóns de euros no orzamento do 2018, que segue sendo o orzamento vixente na actualidade.

Co fin de completar o investimento necesario para a execución do dragado, un total de 46,3 millóns de euros, e por suxestión da propia administración autonómica, o actual Goberno de España realizou os trámites oportunos para cofinanciar esta actuación con fondos europeos do tramo estatal.

Despois de meses desde que se completaron estes trámites, é certo que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico non licitou as obras do dragado da ría do Burgo.

A escusa do Ministerio esta vez era que, con carácter previo ao inicio das obras de dragado, tiñase que suspender a actividade marisqueira. Os servizos xurídicos da Xunta acreditaron xa convenientemente que esa circunstancia non supón

ningún impedimento para a inmediata licitación das obras de dragado. Finalmente a Avogacía do Estado deulle a razón aos servizos xurídicos da Xunta e a actividade marisqueira deterase unha vez que comecen as obras, nunca antes da licitación.

O 17 deste mes, o Ministerio enviou á Consellería do Mar a aprobación definitiva do proxecto de dragado da ría do Burgo contestando ás alegacións que se presentaran e deixando en evidencia que o Ministerio tivo que buscar escusas para atrasar a licitación mentres non tivera a aprobación definitiva do proxecto.

Desde este grupo municipal e a teor dos feitos reflectidos, consideramos que no hai razóns obxectivas para dilatar máis no tempo a licitación e execución do dragado da ría do Burgo polo Goberno central, actuación que resulta necesaria e urgente.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar ao Goberno do Estado que:

1. Licite á maior brevidade posible as obras do dragado da ría do Burgo, toda vez que se ten:

- a aprobación do proxecto
- non fai falta agardar e aprobar uns novos orzamentos pois xa hai partida destinada para iso nos orzamentos do 2018, vixentes actualmente

2. Instar ao Goberno do Estado a que, de non acometer con urxencia a dita licitación, e con base na posibilidade xurídica aberta de que o faga a propia Xunta de Galicia, delegue a dita licitación á Comunidade Autónoma de Galicia.”

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). E abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP solicitando a licitación das obras de dragado da ría do Burgo.

Acceso á videoacta – 01:28:16 horas

Faise constar que, con data 22 de setembro de 2020 e número de rexistro 999/3005, o grupo municipal do BNG presentou unha proposta de declaración institucional en apoio á agrupación de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores da Coruña e en demanda do comezo do dragado da ría do Burgo.

Neste mesmo intre, todos os presentes amosan a súa conformidade con que o dito texto sexa tratado como declaración institucional e non como moción do grupo municipal.

Así pois, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia

María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a urxencia da declaración presentada.

Declaración institucional en apoio á agrupación de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores da Coruña e en demanda do comezo do dragado da ría do Burgo

A secretaria xeral dá lectura á declaración apoiada polos vinte e un concelleiros e concelleiras que integran a Corporación municipal, que consta do seguinte teor literal:

“ A agrupación de marisqueo a pé da Confraría de Pescadores da Coruña vén de facer un chamamento para unha solución definitiva ante o continuado atraso na posta en marcha do plan de dragado e rexeneración da ría do Burgo.

Para a dita entidade é urxente que rematen os permanentes conflitos entre as diferentes administracións e necesario o comezo de todas as actuacións para rexenerar a ría de acordo coas demandas historicamente formuladas pola Confraría de Pescadores da Coruña, Plataforma en Defensa da ría do Burgo, así como por todos os integrantes da Mesa da Ría.

Estando plenamente de acordo coas súas razóns e demandas, o concello fainas propias e, como o propio colectivo de profesionais que traballan na nosa ría, a través da presente declaración institucional solicita ao Goberno galego e ao Goberno español que de forma urxente se proceda a:

- 1.- Resolver todos os trámites administrativos e as dotacións orzamentarias necesarias para a licitación e arranque das obras.
- 2.- Completar o procedemento para a licitación desta actuación atendendo ao contido das alegacións presentadas no seu día pola Confraría de Pescadores da Coruña, a Plataforma en Defensa da ría do Burgo, así como de forma conxunta por todos os integrantes da Mesa da Ría.

Resultando inxustificable por un lado o atraso no comezo dos traballos e por outro evidente a vixencia dunhas alegacións referidas ao orzamento e prazos de execución delas, solución e compensación ás persoas dedicadas ao marisqueo ante a posibilidade de simultanear os traballos da obra e a actividade produtiva, plan de vixilancia, restauración ecolóxica e protección do ecosistema e comisión de seguimento con carácter previo ao inicio das obras.”

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 01:35:50 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3.2. Rogos

Acceso á videoacta – 01:35:55 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2998 e 999/3000 o día 21 de setembro de 2020.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:36:10 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Son numerosas as queixas recibidas polo Grupo Municipal Popular respecto da campaña de roza levada a cabo no noso municipio, sendo varios os lugares nos que á deficiente actividade de roza, únese o deixamento no estado dos terreos privados, o que converte aos ditos lugares non só en intransitables, senón tamén en insalubres así como de elevada e rápida combustión en caso de incendio, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, neste caso tomadas na parroquia de Brexo-Lema.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver, á maior brevidade posible, os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, recolle o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:38:16 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Veciños da urbanización A Barcala denuncian a este Grupo Municipal Popular, os danos que as primeiras choivas do mes de setembro e o deficiente estado no que se atopan as obras levadas a cabo nela dende hai case dous anos, provocaron inundacións nos baixos dos inmobles da dita urbanización, así como nos diferentes negocios que alí se atopan instalados, anegando rúas e prazas, tal e como se aprecia na fotografía que se achega. Rúas e prazas anegadas.

Ante as deficiencias observadas e o estado no que se atopan as obras levadas a cabo na dita urbanización, desde o Grupo Municipal Popular se interesa do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que as medidas xa foron adoptadas e dá conta das incidencia que se produciron.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:15 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Pese ás reiteradas queixas manifestadas por distintos medios, incluso en varias sesións plenarias, non só por este Grupo Municipal Popular, senón tamén por parte do resto de grupos da oposición municipal, o Goberno de Cambre volveu utilizar os medios de comunicación públicos municipais como medio de propaganda dos dous grupos no goberno municipal, obviando, ademais, a existencia e participación na vida municipal do resto de grupos da oposición.

A última mostra produciuse con ocasión da presentación oficial dunha asociación empresarial do Temple que, xunto co alcalde e membros do Goberno municipal, contou coa asistencia doutros dous voceiros municipais en representación dos seus grupos municipais. Presenza que non só foi obviada, senón recalca nos medios públicos municipais, tal e como se aprecia na captura da pantalla que se acompaña a este rogo.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se inste unha vez máis ao Goberno municipal a que deixe de utilizar os medios de comunicación públicos municipais de forma partidaria e partidista.

O señor alcalde recoñece que non se mencionou a presenza no acto do voceiro do PP e da concelleira de C's, e pide desculpas.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3001 o día 21 de setembro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:42:05 horas

Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Pronto chegarán as choivas. Rogamos a instalación dalgún tipo de infraestrutura (toldo, marquesiña ou similar) que protexa do líquido elemento á cidadanía que fai espera na parada do bus a carón das lotarías no centro de Cambre.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:42:54 horas

Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

Veciñas e veciños de San Lourenzo levan tempo solicitando a instalación dalgún elemento de sombra ao carón do parque infantil sito no centro sociocultural da parroquia. Rogamos atendan a dita petición veciñal.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:43:23 horas

Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

A biblioteca central de Cambre segue sen abrir ao público cando xa pasou case un ano desde o seu peche. Desde este grupo municipal solicitamos por rexistro no pasado mes de febreiro que a biblioteca central de Cambre pasara a levar o nome da bibliotecaria cambresa Ángeles Roca, para o cal solicitamos a convocatoria da Comisión de Honores e Distincións. Rogamos procedan á convocatoria da dita comisión.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo e manifesta que a Comisión de Honores e Distincións se convocará nas vindeiras datas.

Rogos do AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/2994 o día 21 de setembro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:44:33 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguó.

O grupo municipal Alternativa dos Veciños recolleu a preocupación da veciñanza que está a padecer as altas velocidades ás que circulan os vehículos por diferentes puntos urbanos moi transitados do concello. Estas zonas

contan con cruzamentos, así como pasos de peóns, e a circulación a velocidades por encima do permitido pon en risco a peóns e outros vehículos.

Esta situación estase a vivir de xeito habitual nos seguintes puntos:

- Na rúa Estanque e na Costa da Tapia, no Temple
- En Cambre, na rúa Miguel González Garcés e na contorna do centro de saúde e skatepark (rúa Samosteiro), en Cambre
- Rúa DP-1702 en Sigrás
- No acceso a Cambre pola rúa A Castellana
- Na rúa Graduil, pola zona da Patiña en dirección a Cela

Alternativa dos Veciños roga que se tomen as medidas pertinentes para resolver a situación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:45:42 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante a cantidade de actividades, obras e servizos que se están a cancelar pola situación da crise sanitaria e a non reposta nas pasadas comisións de cal é a previsión para estes orzamentos que non están a ser empregados.

Alternativa dos Veciños roga que dende o Goberno Municipal nos reúnan a todos os membros da Corporación municipal para tomar decisións referentes a eses orzamentos non empregados, de cara ao vindeiro 2021.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:46:42 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Alternativa dos Veciños vén a comprobar que son varios os puntos do municipio onde a iluminación pública non está a dar un servizo óptimo.

Polo tanto, rogamos unha revisión da iluminación do municipio.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo en canto a que se fan revisións cada mes.

Rogo de C's presentado por escrito

Faise constar que o rogo non foi presentado a través do rexistro municipal por problemas técnicos para a súa presentación telemática.

Único - Acceso á videoacta – 01:48:48 horas

Dona María José García Hidalgo explica que non vai dar lectura a todo o rogo, xa que unha parte xa foi atendido coa colocación dunha reixa que faltaba na estrada que vai cara a Lendoiro. Agradece a actuación e pregunta

pola segunda parte do rogo na que se instaba á que contactaran, á maior brevidade, coa propiedade, para realizar os trámites necesarios para tramitar a cesión dos terreos necesarios para a construción de beirarrúas ou sendas.

O señor alcalde contesta que esta parte do rogo vai ser atendida coa contratación do persoal eventual á que se fixo referencia neste mesmo pleno.

Rogos de EU-Son en Común presentados oralmente

Dona María Olga Santos López dá lectura aos rogos presentados de forma oral.

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:51:26 horas

Con data de onte 23 de setembro de 2020, emítense informe proposta do xefe de Área de Urbanismo e Réxime Interior, ratificado pola secretaria municipal, para a legalización da edificación do pavillón polideportivo de Anceis, promovido pola Asociación cultural e de ocio San Antonio de Anceis.

Dentro das resolucións contidas no informe proposta está a determinación para a concesión da licenza de obra para a construción dun pavillón polideportivo no lugar da Rocha.

Son varias as cuestións que quero deixar constar e que determinarán os rogos e preguntas orais que segundo o artigo 115.1.g serán presentados por EU Cambre, e que farei chegar por escrito á secretaria municipal e ao responsable da Área de Urbanismo e Réxime Interior, como responsables das áreas implicadas neste asunto: Urbanismo e Patrimonio. Así mesmo enviarei copia ao concelleiro responsable da Área de Urbanismo.

Con data 5 de maio de 2017 e dentro da documentación achegada polos grupos políticos denunciante ante a Fiscalía da Coruña, o concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, remite á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia unha solicitude de autorización para a realización dunha pista polideportiva cuberta.

No citado documento, indica textualmente o concelleiro:

“Así mesmo, faise constar que se ben na memoria que se achega figura como promotor a Asociación cultural e de ocio San Antonio de Anceis, esta asociación só é para os efectos de xestión do local, polo que o solicitante é o Concello de Cambre, dado que unha vez rematada pasará á propiedade municipal.”

Este documento non consta nos antecedentes de feito do informe de 23 de setembro de 2020 referido no encabezado, e considero que sería importante que constara, porque existe unha clara e expresa incongruencia de criterios na cualificación de promotor dunha obra que se pretende legalizar, e asignando o carácter de promotor a quen non o é.

Á vista da denuncia presentada ante o Ministerio Fiscal da Coruña polos grupos do Partido Popular, BNG, AV Cambre, EU e C's, presento os seguintes rogos orais, coa intención de que sexan contestados por escrito e á maior brevidade posible.

Proposta de actuación:

Sexa remitida de oficio á Fiscalía da Coruña e aos grupos da oposición a documentación que seguidamente relatamos (será pedida por sede electrónica) e que sendo relativa a un caso que actualmente está presentado para xudicialización, xa debería ser tido entregada, tal e como foi requirido pola concelleira propoñente en varias ocasións:

- Copia da resolución 1402/2020 do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, do 23/09/2020

- Copia do expediente 2020/U022/000014 de solicitude de licenza municipal para a legalización do pavillón polideportivo de Anceis
- Copia do informe proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do 23 de setembro de 2020
- Copia da solicitude de licenza de legalización
- Copia do proxecto de legalización
- Copia do informe da arquitecta técnica municipal do 7 de agosto de 2020
- Copia do informe do arquitecto municipal do 21 de setembro de 2020
- Copia da escritura rexistral da finca 15017xxxxxxx00MU

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:54:55 horas

Na Xunta de Goberno Local do 5/09/2017, no cuarto punto, dentro dos acordos segundo e terceiro, estipúlase:

Segundo: Recepcionar e aceptar a propiedade da citada pista polideportiva cuberta construída sobre a parcela de titularidade municipal sita no lugar da Rocha, parroquia de Anceis, con referencia catastral 15017xxxxxxx00MU.

Terceiro: Inscribir a pista polideportiva cuberta recepcionada no Inventario de bens e dereitos deste concello así como no Rexistro da Propiedade.”

De acordo coa sinatura desta Xunta de Goberno Local pola secretaria accidental, a recepción e a inscrición da pista polideportiva cuberta determinan que a dita pista pasa a ser propiedade municipal a partir deste momento.

Atendendo a esta afirmación, sustentada en documentación emitida polo propio concello pregamos se atenda a seguinte:

Proposta de actuación:

Sexa solicitado aos servizos xurídicos do concello: “Certificación de legalidade sobre a determinación da condición de promotor segundo consta no punto terceiro da proposta de resolución, tendo en conta que a pista polideportiva cuberta foi recepcionada polo concello e é propiedade municipal.”

Na certificación requirida farase constar a conveniencia e legalidade de outorgar unha licenza de obra a unha asociación que non pode ser promotora por pertencerlle a dita condición ao Concello de Cambre, segundo afirmación do propio concelleiro de Urbanismo e condición de propiedade municipal da instalación.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:56:12 horas

Na resolución de concesión de licenza de legalización do pavillón de Anceis do 23 de setembro, faise mención a dous informes técnicos.

- *Pola arquitecta técnica municipal emítase con data 7 de agosto de 2020 informe favorable á legalización do pavillón polideportivo indicado facendo constar expresamente que o proxecto cumpre coa normativa de aplicación e sen facer observación ou matización ningunha sobre o particular.*

No dito informe tamén se fai referencia, como observacións, a que parte do solo do ámbito do Plan especial referido contabilizado como “estado natural” figura como aparcamento e a que outra parte que figura como de equipamento no Plan especial se atopa en “estado natural”, non coincidindo pois a realidade executada co Plan especial citado, nin coa superficie de “estado natural” reflectida nel, se ben se respecta o mínimo do 50% do ámbito destinado a “estado natural” dos terreos recollido no artigo 61.7 do Regulamento da Lei do solo.

- *Outro dos informes é o do arquitecto municipal do pasado 21 de setembro para aclarar que de acordo co apartado 2.7 da memoria xustificativa deste Plan especial os proxectos de edificación que se presenten para a realización das obras previstas nel poderán reaxustar ou redelimitar as zonas nel definidas e que a situación actual do ámbito do Plan especial non impedirá que cando se leve a cabo a súa total execución se poida computar como “terreo natural” a porcentaxe do 50,91% previsto nel.*

Estes informes contraveñen, ao criterio de EU, ao estipulado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no seu informe previo á aprobación definitiva do Plan especial de equipamento en solo rústico, no lugar de Anceis, Concello de Cambre, de decembro de 2019 no que se indica literalmente:

“En consecuencia, infórmase favorablemente o Plan especial de equipamento en solo rústico en Anceis, do Concello de Cambre, coa condición de que con anterioridade á súa aprobación definitiva, se corrixa os aspectos indicados no apartado III.”

Apartado III: “Non se admite a disposición de áreas urbanizadas sobre os terreos en estado natural, polo que deberá reaxustarse a posición ou dimensións do actual parque infantil.”

A aprobación do PEID estaba condicionado pola Xunta de Galicia a reaxustar a posición ou dimensión do actual parque infantil. Se vemos os informes dos dous técnicos que actualmente ocupan os postos de arquitecto municipal e arquitecta técnica municipal, existe unha sorte de “levantamento” dos ditos condicionantes, entendendo dende EU Cambre que a administración local non está avalada para desatender a un condicionamento da consellería.

Proposta de actuación:

Sexa solicitado aos servizos xurídicos do Concello de Cambre informe e certificación de legalidade respecto da desatención do condicionamento da Consellería de Medio Ambiente toda vez que o PEID é aprobado definitivamente en xaneiro de 2020 sen atender á dita condición, e a conveniencia de deixar a un futuro indeterminado o cumprimento do requisito que a consellería indicou que tiña que ser levado a cabo antes da aprobación definitiva.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:35:55 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2995, 999/2996 e 999/2997 o día 21 de setembro de 2020.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:59:35 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Ante o desprendemento, hai meses, da senda fluvial e varanda protectora paralela ao río Mero que foi traída a comisións informativas nos meses de xuño e xullo por este Grupo Municipal Popular, ante o evidente problema de seguridade que isto supoñía, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como o Servizo de Conservación Fluvial de Augas de Galicia estiveron executando nos últimos meses varias actuacións, tal e como se desprende das fotografías que se achegan.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente sobre as actuacións que se levaron a cabo e o estado no que se atopa o contorno citado a día de hoxe.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:01:00 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Nos últimos meses este Grupo Municipal Popular interesou do equipo de goberno que adoptara as medidas necesarias para resolver os problemas que se advertiran en materia de circulación e seguridade viaria, como as obras levadas a cabo na Nacional 550 ao seu paso pola Rocha (na que, por certo, estes últimos días os usuarios da vía destacan a excesiva anchura dalgunhas beirarrúas), ou a deficiente sinalización existente na dita vía, entre outras. Obras e deficiencias que, segundo se nos informou e se reflicte nas fotografías que se achegan, aínda que se atopaban inacabadas ou persistentes, respectivamente.

Ante as excusas presentadas pola inasistencia do señor alcalde de Cambre ás comisións informativas do pasado xoves 17 de setembro e, en contestación aos nosos rogos e preguntas sobre o particular, informáronos que neste preciso momento o alcalde de Cambre se atopaba reunido con representantes de Fomento, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular, interésase que polo señor alcalde se informe sobre o resultado da reunión mantida con representantes do Ministerio de Fomento na que se trataron asuntos de interese para o noso municipio.

O señor alcalde contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:06:09 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días produciuse a substitución dos elementos existentes nos parques biosaudables do noso municipio, como o situado no paseo marítimo do Graxal, onde se substituíron todos os elementos, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan: lugares onde ademais non existen paneis que informen sobre a súa correcta utilización en tempos de pandemia, de forma que se provoque o mínimo risco de contaxios. Momento este, o do final do verán que, xunto á crise sanitaria na que estamos inmersos, non parece o momento idóneo para proceder ao dito cambio ou substitución, razón pola cal, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente polos motivos que teñen levado á substitución dos elementos existentes nos parques biosaudables, nun momento que parece o menos apropiado para iso.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3001 o día 21 de setembro de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:07:36 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

Indica 'A Voz de Galicia' o 13/08/2020 "*García Patiño mantivo, ao longo dos últimos días, varias conversas coa subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo, co fin de interesarse pola rexeneración da ría do Burgo*". Cal foi o resultado da dita reunión?



O señor alcalde contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:08:56 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

Houbo algunha xuntanza por parte do Goberno municipal coa administración autonómica nas últimas semanas en relación coa rexeneración da ría?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:09:13 horas

Lee a pregunta don Brais Cubeiro Fernández.

Cales foron as actuacións levadas a cabo por parte do Goberno municipal no último mes en relación coas verteduras de áridos na nosa ría?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/2994 o día 21 de setembro de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:09:36 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

As pasadas comisións informativas Alternativa dos Veciños preocupouse pola activación dos programas de actividades das diferentes áreas. A resposta que nos foi dada é que na situación sanitaria actual é imposible prevelos e planificalos nos departamentos de Cultura, Mocidade, Deportes e Benestar e, pola contra, dende Educación trasladan que están a traballar para ofrecer o servizo á veciñanza.

E o certo é que algunhas das actividades si se están a realizar. Isto está a xerar confusión, por que actividades puntuais si, pero programas con planificación non.

A Alternativa dos Veciños parécenos que as políticas que se están a empregar parecen improvisadas e unha escusa para non facer políticas activas nestas áreas. Queríamos coñecer a explicación dos concelleiros competentes das diferentes áreas de cales son os motivos que leva a estar a desenvolver os programas de actividades de Educación e non do resto das áreas?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:11:33 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Despois do agardado convenio para o mantemento e limpeza do paseo fluvial do río Mero, dende Alternativa dos Veciños preguntamos: En que punto se atopa a actuación referente ao convenio asinado recentemente?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:12:12 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Cal é a valoración do Goberno municipal do inicio do curso escolar e o novo protocolo establecido?

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta a pregunta.

Pregunta de C's presentada por escrito

Faise constar que, ao igual que no caso do rogo, a pregunta non foi presentada a través do rexistro municipal por problemas técnicos para a súa presentación telemática.

Única - Acceso á videoacta – 02:12:54 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Nas comisións informativas do pasado xoves preguntamos pola solicitude presentada polo concello para que determinados terreos no contorno da AP-9 ao seu paso por Cambre fosen cedidos para usos xenéricos polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao ser da súa titularidade. Informóusenos que durante esta semana estaba prevista unha reunión de membros do Goberno con responsables do Ministerio e que se trataría de incluír o dito asunto entre o contido da reunión.

De terse celebrado a reunión, poderían informarnos sobre o contido relativo á petición de cesión para usos xenéricos dos ditos terreos?

O señor alcalde contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas oralmente

Dona María Olga Santos López dá lectura ás preguntas presentadas de forma oral.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:14:08 horas

A Asociación cultural e de ocio San Antonio de Anceis presenta un proxecto de legalización dunha edificación municipal. Isto significa que, ata o de agora, a obra realizada era ilegal. Con base nesta evidencia formulamos a seguinte pregunta:

Por que non existe (ata onde chega o noso coñecemento) no Concello de Cambre expediente disciplinario da dita ilegalidade, sendo coñecedor dela o concelleiro da Área de Urbanismo, o xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior e a secretaria municipal, tal e como se deduce da resolución de concesión de licenza, baseada no informe do xefe de área do 23 de setembro?



2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:14:47 horas

Atendendo ao punto terceiro da Resolución do 23 de setembro no que se indica:

“Non se poderá ocupar o pavillón polideportivo ata tanto non se obteña a licenza municipal de primeira ocupación da edificación, a cal será solicitada polo promotor ao finalizar as obras, tendo que vir acompañada a solicitude co certificado final de obra dos técnicos directores delas.”

Tendo coñecemento o xefe da Área de Urbanismo da existencia de celebracións no interior do pavillón con asistencia de membros do equipo de goberno, algo que pode ser acreditado porque esta concelleira ensinoulle persoalmente as fotografías do interior que así o demostran.

Preguntamos: Existe no Concello de Cambre algún tipo de apercibimento, expediente (disciplinario ou sancionador) ou sanción a algún ou algúns membros do equipo de goberno que, sabendo que o pavillón non podía ser usado (tal e como queda corroborado no punto terceiro que acabo de transcribir) asistiron a xuntanzas nunha edificación sen licenza de obra, nin licenza de primeira ocupación, e sen certificado final de obra, expoñendo aos asistentes a un potencial accidente ou perigo, por permitir e participar de, polo menos, unha reunión numerosa de persoas dentro dunha instalación ilegal e sen os requisitos legais e técnicos necesarios para o seu uso e disfrute pola cidadanía?

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e dezasete minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia